



Concello da Pastoriza (Lugo)

ANUNCIO

Publicada no BOP núm. 287 de data, 17/12/2018 a convocatoria das AXUDAS PARA O TRANSPORTE ESCOLAR DE ALUMNAS/OS DO CONCELLO DE PASTORIZA QUE CURSAN ESTUDOS FORA DO TERMO MUNICIPAL CURSO 2018/2019

OBXECTO DAS AXUDAS

Sufragar parcialmente o custe do traslado dos/as estudantes que cursen, fóra do termo municipal e en centros de ensinanza sostidos con fondos públicos, estudos, non universitarios, que non se imparten no Concello da Pastoriza e sempre que se trate de desprazamentos dentro da Comunidade Autónoma

REQUISITOS PARA SER BENEFICIARIAS/OS

1º unidade familiar empadroada no Concello da Pastoriza, con polo menos 12 meses de antelación á publicación das bases reguladoras.

2º. Estar cursando ou ter fillas/os cursando

- Educación secundaria postobrigatoria: 1º e 2º curso de bacharelato (que non se imparta nun centro do Concello da Pastoriza) e/ou 1º e 2º curso de formación profesional de grao medio.

3º Cumprir cos requisitos esixidos polas normas reguladoras das subvencións

4º Non ter pendente de xustificación ningunha subvención concedida polo Concello da Pastoriza.

5º. O alumno menor de 30 anos.

LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

LUGAR : **Rexistro Xeral do Concello**, Praza de Galicia, 1 -Pastoriza ou por calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas

PRAZO: será de 20 días (HÁBILES) dende a publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia **(ATA O 16 DE XANEIRO DE 2019)**

DOCUMENTOS A PRESENTAR: modelo de solicitude e anexos recollidos nas bases xunto a documentación a que se refire a base 5.2

Á solicitude, anexos e bases, ESTAN DISPOÑIBLES, no taboleiro de anuncios e da sede electrónica www.apastoriza.sedelectronica.gal.

A Pastoriza, na data indicada á marxe
O Alcalde
Primitivo Iglesias Sierra

